


Primeiros pasos coa folla de cálculo Calc


Imos calcular e escribir a táboa do 7 , para elo aprenderemos a facer contas no calc e aprenderemos a arrastrar unha fórmula de xeito que non teremos que escribila moitas veces.

En primeiro lugar escribiremos “ táboa do sete “ na cela B2 e a continuación seleccionaremos as celas B2,B3 e B4 e as combinaremos:



A continuación modificamos o tamaño da letra a 14 e o color de fondo a azul.

Comecemos coa táboa, na cela B4 escribimos “7” en C4 poremos un “X”, e en D4 poremos un “1” agora realizamos o cálculo en E4: poñemos “=B4*C4



Agora escribimos os seguintes 7x2, 7x3 ... para elo introducimos os “7” na columna B; e na columna D imos **auto completar** a serie numérica para elo facemos clic dereito na cela D4 e movemos o punteiro do rato ata situalo encima do **cadradiño da parte inferior dereita da cela** (ver imaxe anterior) agora facemos clic **co botón dereito e arrastramos** cara abaixo:

	A	B	C	D	E
1					
2					
3					
4		7X		1	7
5		7		2	
6		7		3	
7		7		4	
8		7		5	
9		7		6	
0		7		7	
1		7		8	
2		7		9	
3		7		10	
14					
15					
16					

Agora **arrastramos a fórmula**, para elo facemos clic en E4 para seleccionala e situamos o punteiro do rato no cadradiño inferior da cela E4 , e arrastramos pulsando o botón dereito.

<u>Taboa do 7</u>		
7 X	1	7
7	2	14
7	3	21
7	4	28
7	5	35
7	6	42
7	7	49
7	8	56
7	9	63
7	10	70

Finalmente podemos modificar o tamaño das celas, para lograr unha presentación mais axeitada, para elo chega con mover o rato ata a liña divisoria da cela e arrastrar co rato.



Finalmente introduce Bordes na táboa calculada e modifica o tamaño ata conseguir unha aparencia semellante a seguinte:

J12		f(x)		Σ		=	
	A	B	C	D	E	F	G
1	<u>Taboa do 7</u>						
2							
3							
4		7 X	1	7			
5		7 X	2	14			
6		7 X	3	21			
7		7 X	4	28			
8		7 X	5	35			
9		7 X	6	42			
10		7 X	7	49			
11		7 X	8	56			
12		7 X	9	63			
13		7 X	10	70			
14							
15							

Tarefa: Para practicar fai tres táboas mais a do 8 a do 9 e a do 13.